

Expediente núm.: 508/2020

Procedemento: Convocatoria e desenvolvemento de Concurso

Data de inicio: 16/04/2020

Asinado por: O Alcalde

BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO #EUQUEDONACASA# NAS MODALIDADES DE DEBUXO, VIDEO, RECEITAS DE COCIÑA E RELATO CURTO.

PRIMEIRA: ORGANIZACIÓN

O Concello de San Cibrao das Viñas con motivo da situación de confinamento que está a vivir á poboación, por mor da pandemia provocada pola COVID-19 e coa intención de contribuir a sobrelevar a corentena domiciliaria que se está a cumprir por este motivo, convoca o concurso baixo o lema #euquedonacasa# nas modalidades de Debuxo, Vídeo, Receitas de Cociña e Relato Curto.

SEGUNDA: FORMAS DE PARTICIPACIÓN

As inscricións dos participantes poderán facerse ou ben a través do correo electrónico biblioteca@sancibrao.es ou ben a través da aplicación de móbiles whatsapp no número de móbil 619891858 dende a súa publicación na páxina web do concello ata ás 24 horas do día 1 de xuño de 2020 .

TERCEIRA: REQUISITOS XERAIS DE PARTICIPACIÓN

A participación está aberta a todas as persoas empadroadas no concello de San Cibrao das Viñas.

Nas solicitudes de participación deberán figurar o nome e apelido do concursante, idade, D.N.I, (no caso de ser menor e carecer de D.N.I deberá presentarse o D.N.I do pai/nai ou titor legal) enderezo postal, teléfono de contacto e enderezo electrónico.

A participación no concurso implica a aceptación das bases, sendo a decisión do xurado inapelable.

CUARTA: MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN E REQUISITOS ESPECÍFICOS SEGUNDO ÁS MODALIDADES

As modalidades nas que se pode participar no concurso son 4:

I.- DEBUXO: Baixo o título *“Pintando o mundo dende a miña casa un día de corentena”*

a) Requisitos:

Poderán participar todas as persoas empadroadas no concello de San Cibrao das Viñas.

Concello de San Cibrao das Viñas

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 (Ourense). Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101



b) Temática: Os debuxos deberán reflexar a visión que cada quen ten do mundo dende a súa casa un día de corentena.

c) Categorias:

- 1.- Infantil: De 3 ata 12 anos.
- 2.- Xuvenil: De 13 ata 17 anos.
- 3.- Adultos: De 18 anos en adiante.

d) Forma de envío dos traballos: Os participantes deberán enviar o debuxo, en formato de fotografía ou PDF a través das formas establecidas na base segunda.

II.- VÍDEO: Baixo o título “Vino dende a miña ventá”

a) Requisitos:

Poderán participar todas as persoas empadroadas no concello de San Cibrao das Viñas.

b) Temática: Os vídeos deberán reproducir grabacións de situacións captadas polos participantes dende a ventá da súa casa un día de corentena.

c) Categorias:

- 1.- Infantil: De 3 ata 12 anos.
- 2.- Xuvenil: De 13 ata 17 anos.
- 3.- Adultos: De 18 anos en adiante.

d) Forma de envío dos traballos: Os participantes deberán enviar a grabación do vídeo, a través das formas establecidas na base segunda.

III.- COCIÑA: Baixo o título “ Eu cociño en San Cibrao durante a corentena”

a) Requisitos:

Poderán participar todas as persoas empadroadas no concello de San Cibrao das Viñas.

Nas receitas deberán detallar os seus ingredientes e os pasos a seguir para a súa elaboración.

Terán que xuntar unha fotografía da receita elaborada e empratada.

b) Temática: As receitas de cociña deberán ser orixinais e imaxinativas onde se reflecta a creatividade do concursante.

c) Categorias:

- 1.- Infantil: De 3 ata 12 anos.



2.- Xuvenil: De 13 ata 17 anos.

3.- Adultos: De 18 anos en adiante

d) Forma de envío dos traballos: Os participantes deberán enviar a receita, xunto coa fotografía da mesma unha vez elaborada e empratada, a través das formas establecidas na base segunda.

IV.- RELATO CURTO: Baixo o título “ A miña historia un día de corentena”

a) Requisitos:

Poderán participar todas as persoas empadroadas no concello de San Cibrao das Viñas.

A extensión do relato deberá ser como máximo dun folio podendo presentarse tanto en galego como en castelán.

b) Temática: Os relatos deberán versar sobre historias que acontecen un día calquera de corentena

c) Categorias:

1.- Infantil: De 3 ata 12 anos.

2.- Xuvenil: De 13 ata 17 anos.

3.- Adultos: De 18 anos en adiante.

d) Forma de envío dos traballos: Os participantes deberán enviar o relato a través das formas establecidas na base segunda.

QUINTA: COMPOSICIÓN DO XURADO

A cualificación dos traballos será determinada polo Xurado do concurso, que estará formado porlos seguintes membros:

Presidente: O Alcalde ou Concelleira/o que o substitúa

Vogais: Dous representantes do Concello (técnico da Biblioteca e concelleiro/a) e un veciño/a que sexa usuario/a habitual do servizo da Biblioteca, elixido polos demais membros do xurado.

Secretario: Actuará como secretario un dos representantes do concello que actúen como membros do xurado.

SEXTA: CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Cada membro do Xurado valorará os seguintes criterios:

- Orixinalidade ou Creatividade
- Calidade



Cada un destes criterios será calificado de 1 a 5 puntos. No suposto de empate, procederáse a unha segunda puntuación.

O xurado levantará Acta na que se recolla ás puntuacións obtidas polos participantes gañadores nas distintas modalidades e categorías na que figurarán os datos identificativos dos beneficiarios: Nome e Apelidos do beneficiario

SÉTIMA: CONTÍA DOS PREMIOS

Concederáanse os seguintes premios segundo as distintas modalidades e categorías establecidas en cada unha delas, con cargo á partida orzamentaria 334.480 do orzamento vixente, por un importe máximo de 8.400 euros:

- *Na modalidade de debuxo:*

1º premio dotado con: 250 euros

2º premio dotado con: 200 euros

3º premio dotado con: 150 euros

4º premio dotado con: 100 euros

- *Na modalidade de video:*

1º premio dotado con: 250 euros

2º premio dotado con: 200 euros

3º premio dotado con: 150 euros

4º premio dotado con: 100 euros

- *Na modalidade de cociña:*

1º premio dotado con: 250 euros

2º premio dotado con: 200 euros

3º premio dotado con: 150 euros

4º premio dotado con: 100 euros

- *Na modalidade de relato curto:*

1º premio dotado con: 250 euros

2º premio dotado con: 200 euros

3º premio dotado con: 150 euros

4º premio dotado con: 100 euros

Os premios poderán ser declarados desertos polo Xurado do concurso.



OITAVA: A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, á vista da Acta emitida polo Xurado, aprobará os premios a favor de cada un dos beneficiarios, recoñecerá as obrigas e ordenará o pago ás contas correntes que para este fin teñan facilitado os beneficiarios.

NOVENA: PUBLICACIÓN DO FALLO DO XURADO

O fallo do xurado será publicado na páxina web, nas redes sociais e na revista do concello.

DÉCIMA: ENTREGA DE PREMIOS E DIPLOMAS ACREDITATIVOS

Para a entrega dos premios e diplomas acreditativos, fixarase unha data e un lugar que lle será notificado os distintos participantes premiados vía correo electrónico ou vía telefónica.

UNDÉCIMA: COBRO DOS PREMIOS

Para poder cobrar os premios deberán acreditarse co seu D.N.I, (no caso de ser menores e carecer de D.N.I deberá presentarse o D.N.I do pai/nai ou titor legal) xunto cunha copia do diploma acreditativo do dito premio nas oficinas do Concello de San Cibrao das Viñas, achegando neste momento, certificado de titularidade da conta bancaria do participante ou do seu representante, no caso de tratarse dun menor de idade.

San Cibrao das Viñas, á data da sinatura electrónica.

O Alcalde

